

A ENTREVISTA

A entrevista é un texto dialogado, oral ou escrito, de carácter informativo no que o/a emisor/a recolle as declaracións dun determinado personaxe para transmitirlas a un público.

PLANIFICACIÓN:




O/a entrevistador/a escolle o tema e os obxectivos da entrevista e a persoa a quen vai entrevistar;

a seguir, realiza unha preentrevista, que abrangue o traballo documental do/da entrevistador/a, un posíbel primeiro encontro coa persoa entrevistada, a elaboración dun guión etc.

ELABORACIÓN:

O/a entrevistador confecciona unha listaxe de preguntas de acordo co tema, os obxectivos da entrevista e as expectativas do/da entrevistado/a e do público lector/ouvinte.

As preguntas deben ser variadas, algunhas máis abertas (Que opina de...?) e outras máis fechadas (Gústalle...?, Prefire...?), e teñen que estar ordenadas de forma lóxica. Alén diso, poden mostrarse no texto definitivo da entrevista ou ben obviarse..



ADAPTACIÓN:

As cuestións e o rexistro lingüístico deben adecuarse á persoa entrevistada (tendo en conta aspectos como a personalidade, a idade, o nivel cultural etc.), ao momento e o lugar en que se celebra a entrevista etc.

RIGOR INFORMATIVO:

O importante é a información ou a opinión fornecida pola persoa entrevistada, non a achega persoal do/da entrevistador/a..



A organización da entrevista oral (televisiva e radiofónica) acostuma ser bastante rixida:

Introdución, da cal forman parte o saúdo, a presentación do/da entrevistado/a e unha síntese do tema que se vai tratar.

Corpo, un texto dialogado que reproduce, íntegra ou parcialmente, a conversa mantida .

Cerramento, en que figuran a despedida e os agradecementos.